

## **1.- CRITERIOS XERAIS PARA A AVALIACIÓN DO ALUMNADO.**

### **1.1. Criterios para o tratamento de materias pendentes.**

Adoptaranse medidas de reforzo educativo no momento no que se detecten dificultades que impidan o seu axeitado progreso, especialmente o alumnado con necesidades educativas especiais.

O alumnado que promocióne con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes non acadadas no curso anterior.

### **1.2.- Criterios de promoción do alumnado de curso/etapa.**

Ao finalizar 2º, 4º e 6º curso de E.Primaria, o equipo docente decidirá sobre a promoción do alumnado, tendo en especial consideración a información e o criterio do titor/a do grupo. Na sesión de avaliación estudarase cada caso por separado, tendo en conta a singularidade de cada alumno/a e a natureza das súas dificultades, analizando se estas impiden seguir con éxito o curso seguinte e se hai expectativas de recuperación. Accederase ao curso seguinte sempre que haxa un mínimo grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos. Neste caso, a decisión irá acompañada de medidas educativas complementarias dirixidas a axudar ao alumno a acadar os obxectivos programados. Accederase á etapa de Educación Secundaria Obrigatoria se se acadou o correspondente desenvolvemento das competencias básicas e o grao de madurez adecuado. Cando o alumno/a non cumpra os requisitos sinalados nos apartados deste documento, permanecerá un ano máis no curso. Esta medida terá carácter excepcional tras aplicar as medidas de apoio oportunas. Só poderá adoptarse unha vez ao longo da etapa e irá acompañada dun plan específico de reforzo e recuperación das aprendizaxes non adquiridas coa fin de favorecer o desenvolvemento das competencias básicas correspondentes ao ciclo. O titor/a recollerá da familia do alumno/a a información complementaria que poida ser de interese para tomar a decisión máis axeitada. Cando a decisión adoptada supoña o non promoción, deberá informarse previamente á familia (deixando constancia de que se lle facilitou esta información) comunicándolle a natureza das dificultades que presenta o alumno/a en cuestión e as medidas complementarias que se adoptarán.

O alumnado de 1º, 3º e 5º curso de E. Primaria promocionará automaticamente aínda que teña algunha área con cualificación negativa. Recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes non acadadas no curso anterior.

Polo que respecta ao alumnado con necesidades educativas especiais, poderá prolongar un curso a súa escolarización cando as necesidades educativas o aconsellen e estea suficientemente acreditado polos servizos de orientación.

O alumno/a que se considere que acadou o correspondente desenvolvemento das competencias básicas así como a adquisición dos obxectivos programados nas distintas áreas, será promovido ao curso ou etapa seguinte, e mesmo no caso de ser avaliado negativamente nalgunha área. Para a decisión de non promover será determinante a falta de madurez de tal grao que lle impidise adquirir as competencias necesarias e os obxectivos programados. Poderase decidir a non promoción dun alumno/a se por circunstancias persoais ou de historia escolar (inmigración, escolarización irregular, incorporación tardía ao sistema educativo...) se considera necesario a permanencia dun ano máis.

### CRITERIOS CURRICULARES

Se o alumno foi avaliado negativamente nas dúas áreas instrumentais (Lingua Castelá/Galega e Matemáticas) non será promovido ao curso ou etapa seguinte. Se o alumno foi avaliado negativamente en tres ou máis áreas, sendo unha delas Lingua Castelá/Galega ou Matemáticas, non será promovido ao seguinte curso ou etapa.

Debido ao carácter global da avaliación nesta etapa educativa, o profesorado utilizará como guía o criterio numérico de promoción e aplicaráo sempre en relación cos criterios pedagóxicos.

### CRITERIOS PEDAGÓXICOS

Ademais, teranse en conta os seguintes aspectos:

- Se o alumno puidese avanzar, sen necesidade de repetir, aplicando un programa de atención individualizada coas súas correspondentes adaptacións curriculares.
- A capacidade de integración do alumno no grupo, as características do mesmo, o número de alumnos/as, as relacións establecidas no grupo, o seu nivel de cohesión...
- O nivel de madurez do alumno/a, o seu grao de autonomía e responsabilidade e a súa capacidade de aprendizaxe, características físicas...
- A opinión da familia, que será informada e escoitada antes de tomar a decisión, pero esta non será vinculante.
- O asesoramento do Equipo de Orientación.

## **2.- CRITERIOS DO OUTORGAMENTO DE MENCIÓNS HONORÍFICAS.**

O equipo docente poderá outorgar unha Mención Honorífica ao alumnado de 6º de E.P. que obtivese unha nota media de curso superior a 9, sempre que nas demais

áreas teñan una cualificación mínima de Notable, e un excelente rendemento académico.

Aprobado en Claustro o día 7 de Abril de 2022